

Conmemorar significa literalmente ‘recordar xuntos’: A exposición ‘Fermín Penzol. Unha obra para un país’ ofrécese como unha conmemoración, unha homenaxe de lembranza comunitaria a un gran mecenas galeguista, que soubo concretar o seu amor pola nosa terra nunha oferta rica pola historia pasada que recolle pero, sobre todo, fértil polo horizonte de futuro que sinala. Unha biblioteca e arquivo magníficos, que se erixiron en trabes mestras para (re)construír o pasado de Galicia e a súa cultura, e ao tempo ir sentando os alicerces do seu porvir. E se a biblioteca e o arquivo son lugares da memoria, onde queda o rexistro máis fiel da singradura dun país e dunha cultura, que xeito máis acaído de memorar o seu fundador ca cunha celebración do seu recordo, ofrecéndoo como exemplo para as xeracións presentes e vindeiras?

A traxectoria de Fermín Penzol resulta modélica en varios sentidos. Por sinal, o seu propósito de empatar o esforzo persoal nun proxecto colectivo. A conciencia e o propósito de Galicia como país veu no seu caso aliada coa vontade de concibir e realizar as tarefas en traballo conxunto, en equipo, tan característica do grupo xeracional de Galaxia ao que pertence. Mais esta metodoloxía de traballo en común non diluíu as responsabilidades particulares de cadaquén, nin embazou os respectivos perfís individuais. A achega peculiar de Penzol, o selo específico que marcou o seu labor persoal, foi, fundamentalmente, a pescuda porfiada e a recuperación xenerosa dos testemuños escritos da cultura galega, gravemente ameazada pola ruína do esquecemento nos témeros tempos da ditadura franquista.

Os comisarios quixemos mostrar o devandito desenvolvendo a Exposición arredor de tres núcleos temáticos: (a) a singradura biográfica de Fermín Penzol, a súa personalidade e o sentido da súa bibliofilia no marco do seu compromiso co país (paneis 1-4); (b) o significado histórico da Fundación Penzol, no contexto da resistencia cultural galega durante os ‘anos escuros’ (paneis 5-9); (c) a Biblioteca Penzol, o legado que Fermín deixou a Galicia na cidade de Vigo (paneis 10-15).



Comisario de honra
Francisco Fernández del Riego

Comisariado
María Dolores Cabrera / Henrique Monteagudo

Coordinación xeral
Xosé Manuel Soutullo (Merlín Comunicación)

Coordinación técnica
Deputación de Pontevedra (Ángela Garra)
Teresa Rodríguez (Merlín Comunicación)

Deseño
Deputación de Pontevedra (Margarita Crespo)

Documentación e selección de fondos
Benito Ramírez / Marián Vidal

Fotografías
Arquivo da Editorial Galaxia, Arquivo da Fundación Penzol, Arquivo familiar de Fermín Penzol, Deputación de Pontevedra (Juan Carlos Simón)

Audiovisuais
Televisión de Galicia, Taller de Ediciones J. A. Durán

Produción
Deputación de Pontevedra / Patrimonio Documental e Bibliográfico

Fabricación e montaxe
MOMO


Agradecementos
Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Ricardo Beiras, Xoán Bernárdez, Rafael Canseco, Benxamín Casal, Olga Gallego, Daniel Lema, Pedro López, Xulián Parga, Rafael Sánchez-Agustino, Antón Santamarina, Antón Vidal, Ovidio Vila, Federación de Libreiros de Galicia, IES ‘Sánchez Cantón’ (Pontevedra), Museo de Pontevedra, Real Academia Galega

Agradecementos especiais
Blanca Jiménez (Presidenta da Fundación Penzol), Amalia Jiménez Xulio Souto (Vicepresidente segundo da Fundación Penzol)
Alfonso Zulueta de Haz (Vicepresidente primeiro da Fundación Penzol)
Xosé Francisco Domínguez (Director da Fundación Penzol)

Promove



Colaboran



Fermín Penzol
Unha obra para un país

Fundación Penzol - Casa Galega da Cultura - Vigo

Fermín Penzol naceu en 1901 en Sahagún de Campos, onde o pai exercía como xuíz. A súa infancia transcorreu en Mondoñedo e a súa adolescencia en Pontevedra, onde cursou o bacharelato. Estudou Dereito en Madrid, e alí entrou en contacto co galeguismo e abrollou a súa paixón coleccionista polos libros, revistas e documentos galegos. Como rexistrador da propiedade, a partir de 1930 percorreu unha longa serie de destinos ao longo da Península e as Illas Canarias. Non obstante, nunca perdeu o contacto con Galicia, tanto a través da súa esposa, Blanca Jiménez, coma coa súa implicación co grupo Galaxia. Cando a xubilación, en 1971, fixou a súa residencia en Santiago de Compostela, onde faleceu dez anos máis tarde.



Fermin tendo

O galeguismo activo é unha das trabes mestras da súa traxectoria: foi membro das Irmandades da Fala no Madrid da década de 1920, militante do Partido Galeguista nos tempos da II República, comprometido na reconstrución deste nos primeiros anos da ditadura e nos comezos da democracia, fundador da Editorial Galaxia en 1950 —implicado por tanto na estratexia de resistencia cultural do galeguismo— e rexo defensor da Autonomía nos anos da transición á democracia.

Outra das liñas mestras da súa singradura vital foi a paixón polos escritos e documentos sobre Galicia. Logo de axuntar unha das bibliotecas persoais máis valiosas do noso país, e consciente das dificultades que afrontaban os estudosos das cousas galegas, decidiu doala para uso público. En 1956 entregou ese tesouro en depósito á Editorial Galaxia para a constitución dunha fundación.



Penzol co equipo da Editorial Galaxia e as súas primeiras publicacións

En 1963 inaugúrase a Biblioteca Penzol, que desde aquela vén sendo gobernada por unha Fundación do mesmo nome. Decídese situar a súa sede en Vigo, naquela altura carente dun mínimo servizo de lectura pública. Desde a súa inauguración, a Biblioteca foi gobernada pola man sabia de F. Fernández del Riego, o seu director ata 2010.

A Fundación Penzol foi un elemento artellador da cultura galega. Do seu padroado formaron parte figuras históricas do galeguismo como R. Otero Pedrayo, M. Gómez Román, R. Isla Couto ou R. Carballo Calero, e outras que xurdiron na posguerra, como D. García-Sabell, R. Piñeiro, X. Isla ou X. Ferro Couselo, sen esquecer futuros protagonistas da autonomía como X. Fernández Albor e mecenas como A. Fernández López ou Álvaro Gil. Co tempo, tamén formarían parte do padroado outros persoeiros como Marino Dónega, Carlos Casares, A. Sixto Seco ou a recentemente finada Olga Gallego. Cando faleceu o fundador, a Presidencia pasou á súa viúva, Blanca Jiménez Alonso. Varios dos devanditos doaron os seus arquivos e fondos persoais á Biblioteca, igual que algúns persoeiros do exilio republicano, como Ramón Martínez López.



A viúva de Xohán Vicente Viqueira nunha visita á Biblioteca. Sentados: Isabel López, F. Penzol e Blanca Jiménez; de pé: D. García-Sabell, R. Piñeiro, M. Dónega e Fernández del Riego

Grazas a un convenio asinado co Concello de Vigo en 1985, a Fundación e Biblioteca Penzol pasaron a ocupar as súas actuais instalacións, e puideron contar cun corpo de persoal técnico. O Concello de Vigo tamén asume os gastos de funcionamento e equipamento da Biblioteca. A nova sede foi ampliada e remodelada en 1995, cando o edificio da Casa Galega da Cultura que a alberga pasou a acoller tamén o Museo e Biblioteca Fernández del Riego. Nos últimos anos, con novos estatutos e un padroado renovado, a Fundación está a gañar novo pulo.



Membros do Padroado da Fundación despois dunha xuntanza. 2010

O patrimonio da Biblioteca Penzol constitúe un conxunto amplísimo de publicacións referentes a Galicia, de autoría galega ou editadas na nosa terra. Neste campo, é unha das máis importantes bibliotecas do noso país, tanto polo volume como pola calidade do seu patrimonio, que inclúe numerosos libros e impresos raros, varios únicos e algúns incunables, ademais de valiosos fondos arquivísticos e especiais.



Album de autocaricaturas de Castelao (Doazón de Francisco Fernández del Riego)



Royaume de Galice. Mapa de Galicia por N. De Fer. París, 1705

A Fundación asume como finalidades primordiais velar pola conservación, organización e difusión do dito patrimonio e manter a biblioteca como un servizo básico á cultura galega. Os fondos da Biblioteca Penzol son de tres clases:

- Bibliográficos, formados por libros impresos e manuscritos e por publicacións periódicas. Contan con case 40.000 libros impresos, 106 manuscritos e 2.370 publicacións periódicas.

- Arquivísticos, de orixe pública, semipública, eclesiástica e privada. A Penzol atesoura documentos desde 1135 ata a actualidade. Os máis notables son os arquivos privados, especialmente os relacionados co galeguismo histórico: Castelao, os irmáns Villar Ponte, Xohán Vicente Viqueira, Martínez López, Otero Pedrayo e Ramón Piñeiro, entre outros.

- Especiais, como cartografía, gravados e coleccións diversas. É salientable a colección de cartografía histórica, con 55 mapas, planos e cartas náuticas. Especialmente valiosa é a colección 'A', con tres álbums de cartas, poesías e notas de Cornide, Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Eduardo Pondal, Francisco Añón e Valle-Inclán, entre outros.

Este acervo contén fontes de primeira orde para o estudo da nosa cultura nas súas diversas dimensións. Por iso, a Biblioteca Penzol veu sendo ao longo das últimas décadas un centro de referencia para as investigacións referidas á historia, a lingua e a literatura do noso país.



Testamento e fundación de Morgado do capitán Juan de Galoso. 1558-1560